

Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas

Decreto 142/1992, do 5 de xuño, sobre subvencións a fondo perdido para rehabilitación de vivendas familiares no medio rural de Galicia.

As axudas autonómicas para a rehabilitación da vivenda rural, que veñen gozando dunha xeral aceptación e constituíndo un importante medio de fomento da política do Instituto Galego da Vivenda e Solo para a recuperación e mellora da vivenda en Galicia, precisan dunha regulación adaptada ó novo marco de actuacións protexibles en materia de vivenda constituído polo Real decreto 1.932/1991, que articule estas subvencións como unha liña máis de axuda entre as previstas para a vivenda con carácter permanente ata o ano 1995.

Faise necesario ademais perfeccionar diversos aspectos da normativa vixente e introducir outras novidades, conservando sen embargo o fundamental do programa á vista da aceptación reseñada.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º —Obxecto.

A presente disposición ten por obxecto promocionar e incentivar, mediante subvencións a fondo perdido, a rehabilitación das vivendas rurais galegas así como a súa adecuación ó medio ou á tipoloxía propia da zona con cargo ás disponibilidades presupostarias do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Para efectos desta disposición poderanse acoller:

a) As vivendas unifamiliares de entidades de poboación inferiores a 500 habitantes.

b) As vivendas unifamiliares en núcleos entre 500 e 1.500 habitantes encravadas en municipios con planeamento municipal vixente, sempre que os núcleos sexan rurais ou no caso de núcleos urbanos sempre que a ordenanza de aplicación contemple como compatible o uso da vivenda unifamiliar.

c) As vivendas unifamiliares en núcleos entre 500 e 1.500 habitantes dos municipios sen planeamento sempre que as vivendas teñan un claro carácter rural e non sexan características de aglomeracións ou concentracións urbanas.

Artigo 2º —Ámbito.

1. As disposicións do presente decreto serán de aplicación ás actuacións que se aproben provisionalmente ata o 31 de decembro de 1995.

2. Poderán ser obxecto das subvencións reguladas no presente decreto aquelas vivendas unifamiliares de máis de 15 anos de antigüidade con destino a residencia habitual e permanente do solicitante.

Artigo 3º —Beneficiarios.

Poderán solicitar as subvencións reguladas neste decreto para rehabilitación de vivendas as persoas físicas que, sendo propietarias delas, obteñan uns ingresos ponderados que non excedan de 2,5 veces o salario mínimo interprofesional (S.M.I.) e veñan residindo nos últimos tres anos dentro do termo municipal onde está situada a vivenda que se pretende rehabilitar.

Os galegos residentes no exterior da Comunidade Autónoma non se lles esixirá o requisito de residencia e poderán optar ás axudas sempre que cumpran os demais requisitos. Os residentes no estranxeiro poderán optar por acreditar que os seus ingresos ponderados non esceden de 2,5 veces o salario mínimo interprofesional vixente en España ou no seu país de residencia.

As persoas físicas que residan, sen pagar ningunha renda, en vivendas propiedade de institucións privadas sen fins de lucro poderanse acoller ás axudas do presente decreto xuntando o documento de autorización da institución correspondente. Tanto a vivenda obxecto de rehabilitación como o solicitante das axudas deberán reuni-los demais requisitos esixidos no presente decreto.

Artigo 4º —Actuacións de rehabilitación.

As actuacións que se inclúen no ámbito de protección que se establece neste decreto son as seguintes:

A) Actuacións con protección especial.

1. Acabamentos de fachada segundo a tipoloxía da zona.

2. Carpintería exterior segundo a tipoloxía da zona.

B) Outras actuacións.

3. Obras dirixidas a garantir as condicións hixiénico - sanitarias e de habitabilidade.

4. Cubertas segundo a tipoloxía da zona.

5. Acondicionamento térmico, illamentos e estanquidade da vivenda.

6. Mellora das instalacións eléctricas e adecuación ó regulamento de baixa tensión.

7. Adaptación da vivenda para uso de minusválidos.

8. Supresión de elementos engadidos.

9. Acabamentos interiores.

10. Reforzo e substitución parcial de elementos estruturais, quedando excluídas as reconstrucións totais das casas en ruína ou como consecuencia de demolición e baleirados da edificación primitiva.

Estas actuacións poderanse solicitar para ampliación do espacio habitable dentro dos límites da edificación existente, quedando excluídas tódalas actuacións en vivendas con ampliacións que supoñan aumento ou modificación do volume da edificación primitiva feitas cunha antigüidade inferior ós 15 anos.

CAPÍTULO II. BENEFICIOS

Artigo 5º —Beneficios.

As actuacións de rehabilitación anteriormente sinaladas poderán ser subvencionadas nas contías seguintes:

1. As actuacións comprendidas dentro da alínea A do artigo anterior alcanzarán unha subvención do 40% do presuposto protexible.

2. As outras actuacións terán unha subvención do 30% do presuposto protexible.

O presuposto protexible obterase por aplicación dos prezos que figuren no catálogo de traballos que será establecido por orde da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, na que, así mesmo, se establecerán os importes mínimo e máximo do mencionado presuposto.

CAPÍTULO III. XESTIÓN E TRAMITACIÓN

Artigo 6º —Solicitud de beneficios.

As solicitudes de subvencións para rehabilitación das vivendas presentaranse nas delegacións provinciais do Instituto Galego da Vivenda e Solo axustándose ó modelo e cos documentos que serán determinados por orde da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, que, así mesmo, establecerá a especial tramitación das solicitudes formuladas polos galegos residentes no exterior da Comunidade Autónoma.

Artigo 7º —Aprobación provisional.

Á vista da documentación presentada e logo das comprobacións e inspeccións que se consideren oportunas, o delegado provincial do Instituto Galego da Vivenda e Solo procederá á aprobación provisional do expediente, no caso de cumprirlos requisitos esixidos.

A aprobación provisional comprenderá as actuacións que se van realizar, o prazo de execución das obras, o presuposto e a subvención total que se concederá.

O prazo de execución das obras non poderá exceder de un ano con carácter improrrogable e contarase a partir da data de notificación da aprobación provisional.

O non cumprimento dalgún dos requisitos establecidos no presente decreto será motivo da denegación da aprobación do expediente. Esta será expresa e motivada e o interesado poderá interpoñer contra a dita resolución recurso de alzada ante o conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

Artigo 8º —Inspeccións.

Desde o momento da presentación da solicitude poderanse realizar tódalas inspeccións e comprobacións que se consideren oportunas para verificar a exactitude dos datos achegados, a execución das obras aprobadas e o destino da subvención concedida.

Artigo 9º —Aprobación definitiva.

O beneficiario, unha vez executadas as obras aprobadas, dentro do prazo concedido para o efecto, disporá dun prazo de 15 días para comunicar por escrito á Delegación Provincial do Instituto Galego da Vivenda e Solo a súa finalización, xuntando fotografías que mostren tódalas obras realizadas.

O delegado provincial do IGVS, á vista da documentación presentada, logo das comprobacións e inspeccións que se consideren oportunas, procederá a outorgar ou denegar a aprobación definitiva do expediente, con notificación ó interesado.

Será motivo de denegación da aprobación definitiva non executa-las obras aprobadas inicialmente dentro do prazo concedido para o efecto. O delegado provincial do IGVS poderá, sen embargo, outorga-la aprobación parcial do expediente naqueles casos en que, cumpridos os demais requisitos, se comprobe que as obras executadas de entre as aprobadas inicialmente alcanzarán como mínimo o 50% do presuposto.

A aprobación definitiva sinalará a obriga de continuar destinando a vivenda rehabilitada a residencia habitual e permanente durante o prazo de 5 anos como mínimo. Esta obriga, no caso dos galegos residentes no exterior da Comunidade Autónoma, limitárase á residencia na vivenda rehabilitada durante polo menos trinta días ó ano, no mesmo período.

Artigo 10º —Recoñecemento e pagamento das subvencións.

A aprobación definitiva dará lugar á autorización e á disposición do gasto, recoñecemento da obrigación e pagamento da subvención, con cargo ós créditos que figuren consignados no exercicio para esta finalidade.

Artigo 11º —Sancións.

Non destina-la vivenda rehabilitada a domicilio habitual e permanente ou residencia temporal, segundo o disposto no artigo 9º, suporá a obrigación de reintegra-las cantidades percibidas en concepto de subvención e os correspondentes intereses legais, sen prexuízo das demais responsabilidades en que se incorra.

As responsabilidades pecuniarias derivadas do incumprimento do presente decreto esixiranse conforme á lei.

Artigo 12º —Incompatibilidade de beneficios.

Os beneficios establecidos na presente disposición son incompatibles con calquera outra axuda, con cargo ós presupostos do IGVS, destinada ás mesmas actuacións.

Non se poderán acoller ós beneficios do presente decreto aquelas persoas que, nos catro exercicios inmediatamente anteriores ó da solicitude recibisen axudas ó abeiro da normativa autonómica nesta materia ou dos reais decretos 224/1989, do 3 de marzo, e 1.932/1991, do 20 de decembro.